

1.4 ANÁLISE DAS TENDENCIAS NO CONTORNO

Segundo o informe da Comisión Europea de novembro de 2008, Rexións 2020, os retos que as rexións europeas afrontarán no medio e longo prazo veñen determinados polo impacto de catro fortes tendencias: desafío demográfico, reacción ante a globalización, saldo da balanza enerxética e resistencia ao cambio climático.

En canto á evolución demográfica, Galicia encontrarase, de seguir as tendencias actuais, entre o terzo de rexións europeas que experimentarán un descenso da poboación. Ademais, Galicia, xunto co resto da zona noroeste da península ibérica, resulta especialmente ameazada por esta negativa proxección poboacional, coa conseguinte repercusión sobre o mercado laboral e o funcionamento dos sistemas de saúde e benestar:

O equilibrio demográfico é, posiblemente, o máis importante dos grandes retos que Galicia terá que afrontar ao longo das dúas próximas décadas. Sexa pola directa consecuencia que unha poboación avellentada ten sobre as necesidades de recursos asistenciais e no propio ambiente natural, ou como re-

sultado dunha dinámica socioeconómica adversa, cómpre deseñar estratexias que nun horizonte de longo prazo invertan a tendencia actual. En suma, Galicia ten que converterse nun lugar atractivo para vivir, investir e traballar durante os vindeiros anos.

Os índices de vulnerabilidade á globalización ou sensibilidade aos efectos negativos do proceso de internacionalización dos mercados e da extensión da competencia son tamén elevados para Galicia, en esencia como resultado da concentración da produción rexional en actividades de baixo valor engadido e reducida tecnoloxía, o que se traduce nunha capacidade competitiva feble.

Unha terceira tendencia para os próximos anos vén representada pola situación nos mercados de produtos enerxéticos, aos que Europa en xeral está exposta, xerando incógnitas con relación aos custos de produción e á seguridade no abastecemento, así como a problemas de eficiencia enerxética e de carácter ambiental. En particular, a condición de Galicia como rexión periférica contribúe a elevar os riscos procedentes

dunha resposta inadecuada ou insuficiente a este desafío.

Por último, as consecuencias do cambio climático tamén afectarán a Galicia, introducindo determinadas incertezas en sectores e actividades económicas como a agricultura e a pesca, o turismo ou a produción de enerxía.

A xuntanza dos catro factores destacados pola Comisión ofrece un balance xeral desfavorable para Galicia, especialmente no campo da demografía e da globalización, no que mantemos aínda diferenciais negativos con respecto ás economías do noso inmediato contorno.

A condición periférica de Galicia non é, en principio, un factor favorable para lles dar resposta aos retos do futuro que as rexións europeas deberán superar.

Non obstante, a diversidade da nosa rexión, que goza de singularidades é, ao tempo, de variedade, permite a toma de decisións que convertan a diversidade territorial nun punto forte, dando respostas adecuadas nas tres fronteiras: concentración, conexión e cooperación.

A concentración, que en Galicia non pode entenderse como unha concentración de actividades económicas e de espazos urbanos, pode ser afrontada co emprego activo das novas técnicas de comunicación e unha adecuada dispoñibilidade de servizos de educación e sanidade, podendo incluso beneficiarse da ausencia de problemas derivados das grandes concentracións industriais ou das aglomeracións urbanas.

As conexións e conectividade cos territorios económicos veciños e a unión cos espazos económicos mundiais requiren unha infraestrutura de transportes que permita o tráfico de mercadorías e persoas, así como os accesos aos servizos básicos de saúde e educación. Neste campo, Galicia, que aínda está completando elementos fundamentais como as conexións ferroviarias ou portuarias co exterior ou as conexións de artellamento e accesibilidade internas, manifesta un avance destacado que deberá ofrecer un nivel satisfactorio no horizonte dos anos 2012 a 2015.

Noutro sentido, a conexión de territorios non só se basea na superación das distancias físicas, senón nas conexións a redes de enerxía, ao acceso a Internet de banda larga, e, sobre todo, á presenza nas redes empresarias internacionais e nos grupos de investigación que permiten escala na economía do coñecemento e na transferencia de tecnoloxías produtivas.

A cooperación é o terceiro obxectivo para abordar con posibilidades de éxito os anteriores problemas de concentración e de conectividade. O crecemento económico das rexións non pode concibirse en termos illados ou endóxenos, senón que require da cooperación entre os distintos actores e todos os niveis, xa non soamente nos terreos da conservación ambiental ou das conexións territoriais, senón, e a cada paso máis, dos axentes empresariais, universitarios, emprendedores e investigadores que dean lugar á consecución de masa crítica suficiente que facilite a competitividade e a creativi-

dade resultado da interacción das tres T: a tecnoloxía, o talento e a tolerancia.

Outra tendencia que pouco a pouco vai collendo máis transcendencia nos últimos tempos é a crítica que se ven facendo desde diversos eidos da doutrina económica ao PIB como índice que permite medir o benestar das persoas.

Neste sentido moitos autores consideran que o PIB non mide realmente o progreso das sociedades, xa que por exemplo un aumento de consumo de combustibles nos automóviles debido a maiores atascos e conxestións nas estradas suporía un aumento do PIB pero dificilmente provocaría un aumento do benestar dos cidadáns. En cambio, un menor desenvolvemento económico, e polo tanto un menor PIB, provocará posiblemente unha menor contaminación e un maior benestar da poboación.

Polo que se considera que, entre as rexións máis ricas, unha combinación de índices de benestar ou unha valoración da satisfacción das persoas probablemente reflectirá mellor o benestar da poboación.

Un indicador moi aceptado é o Índice de desenvolvemento humano das Nacións Unidas (IDH) que corrixe o PIB existente ampliando a súa esfera e tendo en conta tamén os aspectos sociais ou medio ambientais. Por outra parte, autores como Stiglitz, Sen e Fitoussi elaboraron un Indicador Sintético de Benestar que ten en conta a Saúde, a educación, o Traballo, o Capital Social, o Medio Ambiente e a Seguridade.

Sen embargo, estes indicadores teñen o problema de que presentan unha alta subxectividade ou mesmo a elección duns indicadores en vez de outros inflúen de forma moi importante no resultado final.

Ademais, entre estes Indicadores e o PIB a correlación é positiva, aínda que dependendo do indicador a correlación é máis ou menos débil, polo que mentres non haxa instrumentos estatísticos mellores ou un índice cun maior consenso a escala internacional, o PIB per cápita continuará sendo a medida que reflecta o benestar das nacións.

Unha última tendencia que se observa é a impresión de que as organizacións públicas estaban deseñadas para un entorno que deixou de existir, e dicir, o sector público debe redefinir as súas funcións e as súas estratexias e preguntarse “qué debería estar facendo e qué debería deixar de facer porque xa non so pode permitir”.

Neste sentido a crise económica esixe aos Poderes Públicos dos distintos países unha transformación en profundidade da forma en que se financian e se prestan os servizos públicos e da relación entre o Goberno e os cidadáns, esta transformación debe xirar necesariamente en torno a:

- Avaliar as prioridades de gasto.
- Encontrar novas fontes de financiación dos servizos e das inversións públicas.
- Centrarse no liderado corresponsable.

Isto permitirá impulsar un cambio estrutural a longo prazo e a sostibilidade das finanzas públicas.